



ACTA DO VI PREMIO DE XORNALISMO MANUEL LUEIRO REY

Reunidos, on line, o 19 de xuño de 2023, ás 19:00 horas, D. Ramón Rozas, D^a Carme Vidal e D. Ramón Nicolás, membros do xurado da convocatoria do VI Premio de Xornalismo Manuel Lueiro Rey, coa presenza da coordinadora e secretaria do Premio, D^a Carmen Carreiro, con voz e sen voto, ACORDARON por unanimidade outorgar o galardón ao artigo titulado “Um maínzo de sal” que foi presentado baixo o lema “Suzzane”. Aberta a plica a autoría correspondeu ao D^a Miriam Ferradáns Ferradás, poeta. O xurado destacou a calidade dos textos presentados nesta convocatoria do certame.

O artigo iníciase cun episodio protagonizado por un neno chamado Raúl para se adentrar no tema da pobreza infantil, eixo central do texto gañador do premio. O xurado composto por Ramón Nicolás, Ramón Rozas, Carme Vidal e Carme Carreiro, que actuou como secretaria, destacou a calidade da lingua do artigo e tamén a temática abordada que, desde a reivindicación social, fala da exclusión na infancia a causa da pobreza.

"O texto achéganos a un tema moi duro como é a pobreza infantil desde a primeira persoa, desde un dos protagonistas, que non só non ten cubertas as necesidades básicas senón que sinte a necesidade de ocultar a súa condición de neno pobre para que non sexa unha causa que o afaste dos seus compañeiros e compañeiras", apunta o xurado.

O xurado destaca tamén que o artigo nos aproxima a unha inxustiza que afecta á infancia e que ten unha importante presenza na nosa sociedade. "Moitas veces as persoas pensan que a pobreza infantil é doutros territorios mais, como nos relata o artigo de Miriam Ferradáns, está a nosa beira", sinala o xurado que destaca o interese da combinación entre a historia persoal do protagonista e os datos que falan da alarmante cifra de crianzas que padece pobreza alimentaria.

Ademais, o xurado sinala o uso de metáforas que enriquecen o texto e a calidade literaria do artigo co que Miriam Ferradáns gaña unha edición que, segundo apuntan, contou cunha altísima calidade e unha ampla variedade de temas de carácter social.

O premio será entregado en Fornelos de Montes nun acto que se desenvolverá no transcurso da Semana Cultural de agosto

Asinan:

Ramón Nicolás.



Presidente.

Carmen Vidal



Vogal

Ramón Rozas.



Vogal

Carmen Carreiro



Secretaria